

Suxestión dirixida ao Concello de Abegondo para que solicitudes de utilización de locais municipais presentadas por grupos políticos con representación no seu ámbito se resolvan de forma expresa, con dilixencia e mediante resolución motivada, e que calquera condicionamento ou limitación quede plenamente xustificado, aplicándose sempre un criterio restritivo nas eventuais limitacións por afectar a un dereito fundamental.

Expediente: N.9.Q/1571/22

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX en relación co uso de locais sociais municipais polos grupos políticos.

#### ANTECEDENTES

1. No escrito pon de manifesto o seguinte:

*... formula a presente queixa en relación co funcionamento ordinario do Concello no que ten a ver co uso dos locais sociais municipais a grupos políticos*

#### ALEGACIÓNS

*Primeiro.- O BNG solicitou o uso dun local social municipal para a realización dun encontro veciñal para explicar o proxecto de subestación de Red Electrica Española no concello de Abegondo, as liñas de alta tensión e os Parques eólicos proxectados na comarca.*

*Segundo.- O Concello de Abegondo respondeu a través dun correo electrónico no que afirmaba "o préstamo de locais está pensado para actividades de uso cultural, deportivo, recreativo... Para as reunións de carácter político en campaña electoral mediante un decreto nomeanse expresamente determinados espazos ou locais para este fin e é nesas espazos ou locais onde se poden levar a cabo". O Concello de Abegondo impide así o uso de locais sociais públicos, mantidos con cartos públicos, para realizar encontros organizados por grupos políticos fora dos 15 días das campañas electorais, o que supón dificultar pola vía da práctica o exercicio dun dereito fundamental como é o de participación política.*

*Polo exposto solicita, que se teña por presentado este escrito, e por formulada a presente queixa, e na súa virtude dite Resolución na que se recomende ao Goberno do Concello de Abegondo:*

*1. Cesar na súa actitude de restrición de acceso ao uso dos locais sociais municipais aos grupos políticos que o soliciten para garantir o dereito fundamental da veciñanza de Abegondo á participación política.*

2. A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello, que xa nos remitiu e no que se pon de manifesto o seguinte:

#### *“ANTECEDENTES*

*PRIMEIRO. O Concello de Abegondo recibiu unha solicitude o día 16/03/2022 con rexistro de entrada número ..., presentada por XXX con NIF XXX, con enderezo en XXX, Abegondo. Indica xunto co seu nome e apelidos entre parénteses (BNG Abegondo). Fai constar os seguintes datos na solicitude:*

*Local: Salón de Mabegondo*

*Data: 08/04/2022*

*Horario: 19:00 h*

*Número de persoas: +/- 150*

*Motivo: reunión do BNG coa veciñanza*

*SEGUNDO. Á vista da solicitude, persoal traballador do Concello intentou contactar telefonicamente coa persoa solicitante para explicar o fin ao que estaban destinados os locais e que por exemplo, no caso do Salón de Mabegondo, ten unha elevada actividade, dado que se imparten neste centro varias actividades municipais, que neste caso coincidirían co horario solicitado.*

*TERCEIRO. Unha vez que non foi posible o contacto telefónico, unha técnica municipal enviou un correo electrónico a modo informativo o día 18/03/2022 ás 12:18 horas co fin de avisar con antelación da situación. Á vista do manifestado na solicitude, ao entender que se trata dunha reunión de carácter político, indícase no texto do correo electrónico o seguinte: "O préstamo dos locais está pensado para actividades de carácter cultural, formativo, recreativo. Para reunións de carácter político, nas épocas de campañas electorais, mediante*

*un decreto noméanse expresamente determinados espazos ou locais para este fin, e é nesas espazos ou locais onde se poden levar a cabo."*

*CUARTO. No mesmo día, recíbese resposta ao correo electrónico indicando o seguinte:*

*"Boa tarde, primeiro de todo informavos de que non collín o teléfono porque saio de traballar ás 14h e en horario laboral non podo ter o terminal comigo. Segundo agradecer o mail e as xestións que realizástedes. Terceiro e último comunicarvos que dende o BNG de Abegondo dámonos por informados."*

*QUINTO. O día 22/03/2022 publícase unha nota de prensa do BNG na que se di, entre outras cousas, o seguinte:*

*"O BNG denuncia diante do valedor a negativa do concello a prestarlles un local para un encontro veciñal co deputado no Congreso XXX para informar sobre a subestación proxectada por Red eléctrica en Abegondo, as liñas de alta tensión e os parques eólicos na comarca.*

*Solicitamos un local público municipal para celebrar un encontro informativo entre a veciñanza afectada pola subestación e as liñas de alta tensión e o noso deputado no Congreso XXX e a deputada no Parlamento galego XXX." (...)*

*SEXTO. O Concello de Abegondo recibe do Valedor do Pobo día 06/04/2022 e rexistro de entrada núm. ... un escrito motivado pola queixa presentada ante esa institución por XXX, en calidade de portavoz municipal do BNG no concello de Abegondo, e solicítase o informe sobre o asunto. Na queixa formulada consta, entre outras, a seguinte alegación: "O BNG solicitou o uso dun local social municipal para a realización dun encontro veciñal para explicar o proxecto de subestación de Red Eléctrica Española no concello de Abegondo, as liñas de alta tensión e os parques eólicos proxectados na comarca."*

*Á vista dos antecedentes, INFORMO:*

*PRIMEIRO. A solicitude está formulada por unha persoa particular que, malia a facer constar no enderezo un domicilio de Abegondo, non está empadroada no enderezo indicado nin en ningún outro do termo municipal de Abegondo. Fai constar na solicitude xunto cos seus datos entre paréntese (BNG -Abegondo), máis non aparecen na solicitude os datos identificativos como o CIF ou o enderezo postal desta entidade. Tampouco se acredita a representación.*

*SEGUNDO. No motivo da solicitude non se explica con exactitude o motivo para o que se solicita o local, xa que simplemente se fai constar que é para unha "reunión do BNG coa veciñanza". O Concello de Abegondo non ten constancia de que o fin último era celebrar un encontro informativo entre a veciñanza afectada pola subestación e as liñas de alta tensión e o noso deputado no Congreso XXX e a deputada no Parlamento galego XXX. Esa información coñeceuse a través da nota de prensa.*

*TERCEIRO. O Concello de Abegondo non emitiu unha resolución formal sobre a non autorización do uso do local. Simplemente, a modo informativo, se comunicou por parte dunha técnica municipal a través do correo electrónico, unha determinada información sobre o uso habitual dos locais sociais. Non se recibiu unha maior explicación do motivo. Nos días seguintes tívose coñecemento da nota de prensa, polo que non se tramitou o expediente.*

*De todo o informado anteriormente, conclúese o seguinte:*

*PRIMEIRO. Que a solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo, ademais de estar incompleta canto aos datos do grupo político BNG e non acreditar a representación da persoa solicitante, non recolle toda a información necesaria para valorar o motivo da solicitude, nin logo da comunicación mediante correo electrónico se recibiu unha explicación máis detallada.*

*SEGUNDO. Que na alegación presentada ante o Valedor do Pobo constan datos que fan referencia á petición que non constan na solicitude formal presentada ante o Concello de Abegondo.*

*TERCEIRO. O Concello de Abegondo non emitiu resolución ao respecto da solicitude polos motivos expresados ao longo deste informe, xa que a solicitude estaba incompleta e habería que coordinar o seu uso coas actividades municipais previstas para esa instalación.*

*Polo tanto, enténdese que non se manifesta por parte desta entidade local unha actitude de restrición de acceso ao uso dos locais sociais municipais".*

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

## CONSIDERACIÓNS

1. Neste expediente cómpre distinguir dúas cuestións:

1º.- O uso dos locais sociais municipais polos grupos políticos no Concello de Abegondo.

2º.- Falta de resolución do concello, por defectos na solicitude presentada no seu Rexistro Xeral.

2. Respecto da primeira cuestión: uso dos locais sociais municipais polos grupos políticos no Concello de Abegondo, debemos facer as seguintes consideracións:

Entre os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución atopamos o dereito de participación, regulado no artigo 23, segundo o cal:

*“1. Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. 2. Tamén teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis.”*

Participación que, como o propio artigo 23.1 establece, pode ser directa ou indirecta; mediante os representantes políticos democraticamente elixidos, como é o caso dos municipios.

O dito precepto constitucional foi obxecto de desenvolvemento polo lexislador ordinario na normativa básica promulgada ao efecto nos artigos 73 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que establece o estatuto conformador dos dereitos e obrigas dos membros das corporacións locais.

Asimesmo, e como desenvolvemento do marco normativo determinado na Lei de Bases de Réxime Local, o Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, concreta nos seus artigos 27 e 28 algúns dos dereitos que lles corresponden aos Grupos Políticos para o correcto desempeño das súas funcións representativas.

Así, o artigo 27 establece que:

*Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos disporán na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, e o Presidente ou o membro da Corporación responsable da área de réxime interior porá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais.*

Pola súa banda, o artigo 28 establece que:

*1. Os grupos políticos poderán facer uso de locais da Corporación para celebrar reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación. 2. O Presidente ou o membro corporativo responsable da área de réxime interior establecerán o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos da Corporación, tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un deles. Non se permitirá este tipo de reunións coincidindo con sesións do Pleno ou da Comisión de Goberno.*

Non hai que esquecer que a relevancia dos grupos políticos no ámbito local, en canto representantes lexítimos dos intereses dos cidadáns que lles outorgaron a súa confianza mediante o voto, non se limita a aqueles que exercen o goberno municipal como consecuencia do xogo democrático das maiorías, senón que se estende igualmente aos grupos que non ostentan responsabilidades de goberno pero si exercen o necesario labor de oposición política.

Neste sentido, a existencia de medios que posibiliten o correcto exercicio das súas funcións por parte dos grupos políticos constitúese en requisito necesario para dar contido efectivo á función representativa que desempeñan os mesmos en canto depositarios da confianza e transmisores do sentir dunha parte dos cidadáns do municipio.

En calquera caso, os dereitos dos grupos políticos locais non son dereitos absolutos cuxo exercicio deba quedar necesariamente exento de calquera tipo de límite ou restrición, senón que os mesmos poden ver condicionada a súa efectividade por razóns de tipo organizativo, funcional ou económico.

Ao tratarse duns dereitos conectados directamente co dereito fundamental de participación recoñecido no artigo 23 da Constitución, gozan dunha protección especial que obriga a que calquera circunstancia que determine un condicionamento ou limitación no seu exercicio deba quedar plenamente acreditada e debidamente motivada e xustificada, aplicándose sempre cun criterio restritivo, de forma que a minoración no exercicio ou desfrute do dereito resulte a mínima indispensable e se prolongue polo menor tempo posible.

Por tanto, a negativa ou desestimación dunha corporación local a facer efectivo aos grupos políticos os dereitos que lles asisten como tales en virtude do disposto nos artigos 27 e 28 do ROF non só deberá vir debidamente motivada, con acreditación das causas e circunstancias que a xustifican, senón que haberá de acreditarse a necesidade da decisión adoptada, por non existir outras alternativas válidas que permitan exercer o dereito, e a proporcionali-

dade da medida, en canto a ser a menos restrictiva posible para o exercicio do dereito e prolongarse polo menor tempo posible.

En consecuencia, non parece suficiente cunha mera alegación á existencia de problemas organizativos, funcionais ou económicos para entender debidamente xustificada a negativa ao exercicio destes dereitos, senón que é preciso que o concello acredite que os ditos problemas son de tal entidade que xustifican a aplicación dunha medida restrictiva que afecta ao exercicio dun dereito fundamental.

A denegación deste dereitos, na medida en que afecta a un dereito fundamental, non impide que deba considerarse subsistente a obriga das Autoridades Locais de remover aqueles obstáculos que impidan ou dificulten o exercizo dos dereitos sinalados. Isto implica que a corporación debe asumir como propia a tarefa de buscar solucións ou alternativas que, no menor tempo posible, fagan viable o pleno recoñecemento dos dereitos alegados.

3. Respecto da segunda cuestión plantexada: falta de resolución do concello, por defectos na solicitude presentada no seu Rexistro Xeral, debemos facer as seguintes consideracións:

O concello informa que a solicitude presentada, ademais de estar incompleta en canto aos datos do grupo político BNG, non acredita a representación da persoa solicitante, non recolle toda a información necesaria para valorar o motivo da solicitude, nin logo da comunicación mediante correo electrónico se recibiu unha explicación máis detallada.

A tal efecto, debemos ter en conta que o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que:

*1. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.*

*2. Sempre que non se trate de procedementos selectivos ou de concorrencia competitiva, este prazo poderá ser ampliado prudencialmente, ata cinco días, por petición do interesado ou por iniciativa do órgano, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.*

*3. Nos procedementos iniciados por solicitude dos interesados, o órgano competente poderá pedir ao solicitante a modificación ou mellora voluntarias dos termos daquela. Disto levantase acta sucinta, que se incorporará ao procedemento.*

*4. Se algún dos suxeitos a que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3 presenta a súa solicitude presencialmente, as administracións públicas requirirán o interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.*

Polo exposto e en aplicación do citado artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o concello debeu solicitar a emenda dos defectos da solicitude e, de ser o caso, ditar a correspondente resolución.

#### CONCLUSIÓN

Por todo o exposto e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, achego a ese Concello de Abegondo a seguinte suxestión:

*Que as solicitudes de utilización de locais municipais presentadas por grupos políticos con representación no seu ámbito se resolvan de forma expresa, con dilixencia e mediante resolución motivada, e que calquera condicionamento ou limitación quede plenamente xustificado, aplicándose sempre un criterio restritivo nas eventuais limitacións por afectar a un dereito fundamental.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)